



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA
DEZ DE XULLO DE 2019, CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO**

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN
	D ^a . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D ^a . RAQUEL SANGIAO DURÁN
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día dez de xullo de dous mil dezanove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión EXTRAORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Acordo, se procede, sobre periodicidade das sesións plenarias.

Dáse conta da proposta de celebrar un pleno ordinario todos os meses, agás no mes de agosto, os penúltimos mércores de cada mes, ás 20:30 (inverno) ou 21:00 horas (verán). O pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta.

2º.- Acordo, se procede, sobre creación e composición das Comisións Informativas Permanentes.

Dáse conta da proposta de crear as seguintes Comisións Informativas Permanentes:

Comisión Informativa de Economía e Especial de Contas.

Comisión Informativa de Asuntos Xerais.

Comisión Informativa de Urbanismo e Plans.

Dáse conta tamén da composición das mesmas: un membro de cada grupo político, sendo o Presidente de todas elas o Sr. Alcalde, don Carlos Martínez Carrillo.

Polo que respecta ao seu funcionamento poderán actuar como suplentes calquera dos demais membros do mesmo grupo, e o sistema de votación será maioritario, pero cada voceiro de grupo representará tantos votos como número de concelleiros do seu grupo.



Despois da consulta cos tres grupos políticos municipais (PP, PSdeG-PSOE e BNG-AA), as Comisións Informativas Permanentes quedan formadas do seguinte xeito:

COMISIÓN DE ECONOMÍA E ESPECIAL DE CONTAS:

D. José Caldelas González (PP)
D^a. Raquel Sangiao Durán (PSdeG-PSOE)
D^a. Yolanda Vieiro Cebeiro (BNG)

COMISIÓN DE URBANISMO E PLANS

D^a. Diana Varela Barreiro (PP)
D^a. María Beatriz Amenal Junquera (PSdeG-PSOE)
D. José Antonio Pose Rodríguez (BNG)

COMISIÓN DE ASUNTOS XERAIS

D^a. MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA (PP)
D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN (PSdeG-PSOE)
D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ (BNG)

Posta a votación a citada proposta apróbase por unanimidade dos asistentes.

3º.- Réxime de dedicacións.

Proponse a declaración exclusiva do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, e do 2º Tenente de Alcalde, don Enrique Vázquez Martínez, coas retribucións que figuran no orzamento municipal para o presente exercicio:

Carlos Martínez Carrillo (Alcalde -Presidente): 29.038,08 euros.
Enrique Vázquez Martínez (1º Tenente de Alcalde): 23.472,07 euros.

Posta a votación a citada proposta apróbase por unanimidade dos asistentes.

4º.- Acordo, se procede, sobre designación dos membros da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Vedra.

A Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/223/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establece que a Mesa de Contratación das Entidades Locais estará presidida por un membro da Corporación ou funcionario/a da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario, o Interventor, e outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario ou laboral ou membros electos da mesma, sen que o número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que formen parte da Mesa de Contratación non poderán supor máis dun terzo total dos membros da Mesa.

Logo de consultados os grupos políticos municipais, dáse conta da seguinte proposta:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



PRESIDENTE

Titular: D. Manuel Costa Carneiro (PP)

Suplente: D. Carlos Martínez Carrillo (PP)

VOGAIS:

Vogal 1º

Titular: Dª. María Beatriz Amenal Junquera (PSdeG-PSOE)

Suplente: Dª. Yolanda Vieiro Cebeiro (BNG)

Vogal 2º: D. Carlos J. Méndez –Losada Abalo (Secretario-Interventor municipal)

Vogal 3º: Dª. Nerea Garrido Montenegro (Funcionaria municipal interina)

Vogal 4º: 1 técnico/a designado pola Alcaldía.

Suplentes: Dª. María Cruz Vilas Giadanes (Persoal laboral fixo do Concello)

Dª. María Teresa Amenal Junquera (Funcionaria municipal)

SECRETARIA TITULAR: Dª. María Mercedes Pereiras Caldelas (Funcionaria municipal)

Secretario/a suplente: un/unha funcionario/a municipal.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes , aproba a citada proposta.

5º.- Dar conta de Resolucións da Presidencia sobre designación da Xunta de Goberno Local, Tenentes de Alcalde e delegación de servizos.

5.1.- Designación membros da Xunta de Goberno Local

Dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 328/19, de data 19 de xuño:

En virtude do disposto nos artigos 20.1.b) e 23.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 41.3 e 52 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear como membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes concelleiros:

D. MANUEL COSTA CARNEIRO

D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ

D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO

D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ

SEGUNDO.- Corresponderalle á Xunta de Goberno Local, así integrada, e baixo a Presidencia desta Alcaldía, a asistencia permanente á mesma no exercicio das súas atribucións, así como as que lle delegue calquera órgano municipal ou expresamente lle atribúen as leis.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ás persoas designadas, e publicar os citados nomeamentos no BOP, no taboleiro de anuncios da Casa do concello e na páxina web municipal.

CUARTO.- Dar conta da presente resolución ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

QUINTO.- Os nomeamentos efectuados serán efectivos dende o día seguinte á data da presente resolución”

O Pleno dáse por informado.



5.2.- Nomeamento de Tenentes de Alcalde.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 329/19, de data 19 de xuño:

“Nomeada a Xunta de Goberno Local por decreto desta mesma data, correspóndelle ao Sr. Alcalde designar aos Tenentes de Alcalde de entre os membros da citada Xunta de Goberno.

De conformidade co disposto nos artigos 21.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, no artigo 62 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 41.3, e 46 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear como Tenentes de Alcalde aos seguintes concelleiros:

1º. Tenente de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO.

2º. Tenente de Alcalde: D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ.

SEGUNDO.- Correspóndelle aos nomeados na orde designada substituírme nas miñas funcións, nos casos de ausencia, enfermidade, impedimento ou vacante.

TERCEIRO.- Notificarlle a presente resolución ás persoas designadas e publicar os nomeamentos no BOP, no taboleiro de anuncios da Casa do concello e na páxina web municipal.

CUARTO.- Dar conta da presente resolución no Pleno na primeira sesión que se celebre.

QUINTO.- Os nomeamentos efectuados serán efectivos dende o día seguinte á data da presente resolución”.

O Pleno dáse por informado.

5.3.- Delegación dos servizos municipais a favor de concelleiros/as

Dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 330/19, de data 19 de xuño, que di o seguinte:

“Logo de constituída a nova corporación municipal en sesión plenaria celebrada o pasado quince de xuño, como consecuencia das pasadas Eleccións Municipais celebradas o 26 de maio, en uso das facultades que me confiren os artigos 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade cos artigos 43, 44 e 51 do R.D 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Efectuar as seguintes delegacións respecto dos servizos municipais que se indican a favor dos Sres. Concelleiros/Concelleiras

Educación e Turismo: D. Manuel Costa Carneiro.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Infraestruturas, Obras e Servizos; Seguridade Cidadá : D. Enrique Vázquez Martínez.
Servizos de Saneamento e Abastecemento. Desenvolvemento Rural: D. José Manuel González Couto.

Benestar Social, Muller e Igualdade. Persoal: D^a. María Susana García Lema.

Cultura, Xuventude e Voluntariado: D^a. Diana Varela Barreiro.

Deportes e Novas Tecnoloxías: D. Juan Manuel Cernadas Méndez.

Promoción económica; Emprego e Formación; Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible; Comunicación Social: D. José Caldelas González.

SEGUNDO.- As delegacións efectuadas abarcarán a xestión ordinaria dos correspondentes servizos, con exclusión da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

TERCEIRO.- Notificarlle aos designados a presente resolución aos efectos da súa aceptación.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da presente Resolución.

QUINTO.- As citadas delegacións serán efectivas dende o día seguinte á data da presente resolución.”

O Pleno dáse por informado.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, di que sente tristura pola baixa representación da figura feminina no grupo de goberno, xa que non hai presenza nin na Xunta de Goberno nin nos nomeamentos de Tenente Alcalde.

Por outro lado observa a creación da concellería de saneamento e abastecemento; e ese feito dá a entender que é un tema ao que o grupo de goberno lle quere dar un pulo nos próximos catro anos, ao mellor porque o Sr. González Couto posúe unha escavadora. O seu grupo estará pendente dese tema.

Tamén di que o seu grupo seguirá traballando e esixindo que se faga o ben común para os cidadáns.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, advirte e recórdalle ao grupo de goberno sobre a imposibilidade de que un concelleiro realice traballos para o concello no que é un cargo electo, sexa do grupo de goberno ou da oposición, de acordo co artigo 71.1 g da Lei de contratos, e o 178 da LOREX, polo que non pode contratar nin facturar ao concello onde exerce o cargo. Hai algún concelleiro nesta corporación que traballa para o concello e iso é ilegal. Solicita que quede recollido na acta da sesión.

A Presidencia replica que na organización do goberno se distribúen as funcións, e todo o equipo terá as responsabilidades que lle correspondan, e é misión do Alcalde que todos teñan a visibilidade que lle corresponda.

Di que lle parece atrevido por parte da oposición que lle recrimine a visibilidade da muller, cando despois de 8 anos, debeu de ser un dos poucos concellos de Galicia que tivo como 1^a Tenente Alcalde e concelleira de obras a unha muller; e ninguén dubida da valía, carisma e traballo que fixo María Jesús Piñeiro Caldelas durante oito anos.

Conclúe ao fío das vinte unha horas e trinta minutos.